

Review

SERRA PORTEIRO, Elisa

Oxford: Peter Lang. 2021.
239 pp.
ISBN 9781788741002

Performing Irishness: Irish Drama on the Galician Stage

Iolanda Ogando
Universidad de Extremadura

Spoiler alert, ou comecemos polo final: son moitas as razóns para celebrarmos a publicación de *Performing Irishness: Irish Drama on the Galician Stage*, de Elisa Serra Porteiro, non sendo o menor deles o feito de que, inserido de cheo no traballo desenvolvido en departamentos universitarios de Irlanda e do Reino Unido (desde onde, ao longo das últimas décadas, diversos estudos nos teñen achegado visións renovadoras sobre cuestións relacionadas coa literatura e cultura galegas), é, se non nos enganamos, o primeiro dedicado ao teatro neste eido. Alén diso, esta profesora e investigadora da University College Cork (UCC) establece unha auténtica perspectiva comparada, mediante a cal o sistema teatral galego é examinado a través do prisma do teatro irlandés, o que constitúe sen dúbida un novo factor de interese pola enorme atracción que a Irlanda, en todas as súas vertentes, exerceu sobre o imaxinario galego e/ou galeguista desde o século XIX. De feito, de aquí parte a pregunta que, proposta na primeira páxina do libro, conduce e arte-lla todo o volume: como é que se configura e se explica esa atención prominente cara á cultura irlandesa no ámbito específico do teatro galego? Porque, por máis que sexa algo asumido (o lugar central da *Green Island* na configuración identitaria galega), faltaba un estudo que afondase nunha análise sistemática e coidadosa desas manifestacións.

Para a realización desta investigación comparada, Elisa Serra Porteiro conxugaba no seu perfil as mellores condicións para acometer a empresa: o seu interese pola escena, como ben demostra o seu constante traballo en prol da visibilización dos estudos teatrais galegos na UCC, os seus coñecementos sobre tradución, ben como a súa inscrición no sistema cultural irlandés, son factores que a situaban no punto perfecto para encarar esa complexa investigación. E, efectivamente, con *Performing Irishness* conseguiu

SERRA PORTEIRO, Elisa
*Performing Irishness: Irish
Drama on the Galician Stage*
Iolanda Ogando

responder esa pregunta e, con ela, encher un oco que, cada vez máis, urxía cubrir.

Para chegar a esa resposta, necesariamente comparada e poliédrica, a autora recolleu un corpus moi específico, o das pezas teatrais irlandesas traducidas ao galego, e examinounas botando man de diferentes áreas de estudo, como a tradución e recepción da cultura irlandesa, a tradución en ámbitos minorizados ou as particularidades da tradución dirixida á escena. Deste xeito, referentes imprescindibles coma Lefevere, Bassnett, Toury no tocante a estudos sobre a tradución, Ezpeleta e Anderman para a tradución dramática, e mais Espasa e Aaltonen para a tradución en sistemas culturais sen estado, son acompañados por outros coma os especificamente relacionados coa cultura e teatro en Irlanda (Cronin, Dolan, Frawley, Greene e Stephens, Kiberd, Mathews,...) e mais a literatura, a cultura e o teatro (e a súa tradución) na Galiza (Pazó, Vázquez Fernández, Vieites, Tato, López Silva...). De por parte, cómpre tamén salientar que á dificultade de articular todos estes eidos de estudo, a investigación desenvolvida no libro esixiu a atención non só a textos dramáticos, senón tamén a outros elementos moito máis 'efémeros', coma os textos dos ensaios, as declaracións de directores e/ou tradutores ou mesmo entrevistas a estes axentes.

Este cruzamento de teorías, textos e testemuños resulta nun estudo de carácter histórico, estruturado, argumentado e redactado de maneira impecábel, ao longo do cal diversos momentos da historia do teatro galego son examinados cunha perspectiva abranxente, atenta ás achegas xa feitas previamente sobre o período, texto e/ou representación analizados, pero tamén preocupada por dilucidar e, cando necesario, matizar e complementar os procesos de tradución e recepción, ou aínda as consideracións públicas e publicadas sobre os textos irlandeses na Galiza. Neste sentido, a recorrencia sistemática por parte da autora aos conceptos de *domestication* e *foreignization*, cuñados polo xa clásico estudo de Venuti, serve como pedra de toque na avaliación do funcionamento e translación deses textos á realidade escénica galega.

Grazas a esta (re)análise, Serra Porteiro consegue organizar a materia escénica irlandesa en ámbito galego, pero tamén amosar ao longo do seu libro varias cousas verdadeiramente interesantes. Unha delas é, obviamente, a persistencia do tema irlandés na realidade escénica galega: ao longo dos cinco capítulos que estruturan a parte central do estudo, a autora demostra esa presenza en momentos cruciais para o teatro galego, coma o período fundacional do primeiro terzo do século xx, sobre todo co labor de Antón Villar Ponte (capítulo I), o teatro no exilio (capítulo II), o teatro durante o período final da ditadura e a transición (capítulo III), a época da institucionalización do teatro galego co Centro Dramático Galego (capítulo IV) e a transformación do sistema escénico vivida ao longo do século XXI (capítulo V).

Pero ademais, Serra Porteiro consegue detectar como a presenza dese referente identitario nun sistema non normalizado, por máis illado que poida ser nalgúns momentos, adquire unha repercusión enorme, polo que o seu exame lle permite apuntar de maneira certa puntos de inicio, influencias ou puntos de viraxe non só na difusión ou permanencia de tal referente, senón tamén na propia evolución do sistema teatral. Neste sentido, o capítulo I permite confirmar, máis unha vez, a relevancia da figura de Antón Villar Ponte, cuxa querenza por Irlanda coñecemos, ben como o seu papel no asentamento do imaxinario atlántico na cultura galega, pero ademais achéganos unha nova lectura que nos permite completar o perfil de axente do autor viveirense e a súa influencia no teatro do exilio, no teatro

SERRA PORTEIRO, Elisa
*Performing Irishness: Irish
Drama on the Galician Stage*
Iolanda Ogando

da Transición ou, mesmo, no proceso institucionalizador levado a cabo polo CDG (como pode verse nos capítulos II, III e IV).

Igualmente, grazas ao libro podemos agora avaliar moito mellor o papel de Agustín Magán quen, co Teatro de Cámara DITEA, o xa senlleiro grupo amateur radicado en Compostela, levou á escena catro textos de orixe irlandesa, un xa traducido polos irmáns Villar Ponte e Plácido Castro, *O país da saudade* de Yeats, máis outros tres traducidos por el (un de Sean O'Casey e dous de Synge).

O capítulo IV aínda nos permite comprender como esta rede teatral tecida arredor da literatura dramática irlandesa continúa, nomeadamente coa posta en escena de *Como en Irlanda*, onde se reunían dous textos, *Xinetes para o mar* de Synge e mais *Almas mortas* de Villar Ponte. Como demostra Serra Porteiro, o director escénico, un daquela emerxente Quico Cadaval, recoñecía a súa débeda coa tradución previa feita por Magán e, ao mesmo tempo, volvía afondar no proceso de identificación asentada teatralmente por Villar Ponte.

Pero ademais, como pode comprobarse no capítulo V, Cadaval volve facer parte do éxito irlandés na escena galega coa dirección de dúas pezas da 'Triloxía de Leenane' de Martin McDonagh para a compañía Producións Excéntricas, a partir da tradución de Avelino González, o grande protagonista e verdadeiro axente no proceso de difusión dese autor na Galiza. Efectivamente, foi este actor, director e tradutor quen lle deu o empuñón de saída á *mcdonaghmanía* na escena galega (como chegaría a ser cualificada nos *media*), primeiro con Teatro do Atlántico e logo coa devandita Producións Excéntricas. Este interese polo autor angloirlandés seguiría con outros dous espectáculos, *O home almofada* (con tradución de Manuel F. Vieites e dirección de Tito Asorey para Il Maquinario Teatro) e mais *O tolleito de Inishmaan* (con dirección de Cándido Pazó para ContraProducións). A propósito destas dúas últimas referencias poderíamos, seguramente, sinalar a que nos parece a maior eiva (e non por iso deixa de ser pequena) no traballo de Serra Porteiro: se ben é verdade que xustifica a análise da 'Triloxía de Leenane' por presentar ambientación rural e un paralelismo explícito entre Irlanda e Galiza (na liña dos textos estudados nos capítulos anteriores), ela mesma apunta á presenza destes elementos na montaxe versionada por Pazó, Santi Romay e mais Alberto Rodríguez, polo que, cremos, o final do capítulo queda un pouco coxo ao non completar a análise da mesma. Alén diso, se ben o espectáculo de Il Maquinario escapa parcialmente a eses dous eixos, seméllanos que tamén hai razóns para estender a análise á montaxe da compañía ourensá, sexa polas características dispare (incluíndo o feito de ser a única das traducións de McDonagh publicada en libro, co título de *O home traveseiro*), sexa polas características que as relacionan, como, por exemplo, o recoñecemento por parte do director (nas notas sobre a dirección que elaborou para a revista *ADETeatro*) da 'tradición' xa iniciada coa representación da 'Triloxía de Leenane', ou mesmo cunha brevísima, pero significativa, referencia ao atlantismo.

De calquera xeito, estes asuntos, ben como unha análise máis sistemática da recepción destes espectáculos máis recentes en termos de presenza nos medios, das críticas recibidas e, nomeadamente, de premios (e parece intuírse, de feito, unha certa recorrencia entre a escolla de McDonagh e mais os premios María Casares), constitúen, moito máis ca unha lagoa, un conxunto de vías abertas que, de certo, a autora poderá continuar a trillar para nos dar conta desta explosión irlandesa na escena galega contemporánea.

SERRA PORTEIRO, Elisa
*Performing Irishness: Irish
Drama on the Galician Stage*
Iolanda Ogando

Volvendo ao conxunto de aspectos demostrados grazas á rigorosa análise de Serra Porteiro, debemos facer referencia á súa análise da peculiaridade da tradución teatral nun sistema minorizado: coñecemos así, por exemplo, as dificultades dos axentes para traducir desde o texto orixinal e sabemos cales foron os textos mediadores (a partir de traducións ao catalán ou ao español) nos casos de Villar Ponte, Valenzuela e Villaverde, ou Magán; reparamos na tradución/traizón da adaptación feita por Alberto Avendaño con *O mozo que chegou de lonxe*, preocupante pola versión escénica (cuxa falta de dinamismo era xa apuntada por Camilo Franco en 1988 e fica agora referendada), pero sobre todo pola súa fixación en papel, dando carta de tradución literaria ao que non deixou de ser unha ferramenta de traballo debedora das necesidades impostas pola representación; descubrimos da multiaxencia de tradutores como Valenzuela e Villaverde, Magán, Avendaño ou Xepe Casanova, responsables doutros oficios teatrais nos espectáculos para os cales versionaban; e soubemos do proceso de *traducción-roza* e *traducción-coidada* levado a cabo por González a partir dos textos de McDonagh (e novamente por iso resultaría tan interesante a comparación coa tradución publicada por Vieites en 2019).

Por último, co traballo de Serra Porteiro percorremos a historia da tradución do teatro irlandés ao galego a cabalo do eixo constituído polos xa referidos procesos de domesticación e estranxeirización, o que nos permite coñecermos mellor o sistema cultural irlandés (ámbito de orixe) pero, sobre todo, o sistema cultural galego (ámbito de chegada). Con efecto, na esteira dos estudos de Bassnett e Venuti, a investigadora da UCC vai detectando cales son as lagoas percibidas no sistema meta ás que se lles dá resposta mediante o recurso ao teatro irlandés: a urxencia para a dignificación da lingua, o debate sobre a conveniencia de promover a autoría autóctona ou a tradución de textos xa canonizados, a visibilización do teatro tanto dentro como fóra da Galiza e, nomeadamente, a procura dun ambiente rural que fuxise do costumismo, atraendo así a máis público(s). Pero, máis importante aínda, comprobamos que a pasaxe Irlanda-Galiza se configura grazas a un proceso de desproblematización do contexto e dos significados de orixe (como acontece coas figuras e os textos de Synge e McDonagh) e do reforzo da identificación e do paralelismo percibido entre as dúas nacións atlánticas a partir da ollada galega.

Serra Porteiro conclúe así que a Irlanda que queremos (*The Ireland 'we' love*) funciona tamén no teatro a través dos mecanismos de adhesión ou de esquecemento propios da negociación das identidades colectivas e do establecemento das comunidades imaxinadas e, finalmente, que unha análise como a proposta no libro se transforma nunha poderosa ferramenta para o escrutinio e a reflexión sobre eses procesos de negociación e representación identitarias.

Concluimos nós que, para alén dos motivos sinalados para desfrutar da publicación de *Performing Irishness*, grazas á ollada crítica e á análise serena e lúcida de Elisa Serra Porteiro dispomos dunha achega esencial tanto para un público galego coma irlandés interesado en aprender e coñecer, para alén de lugares comúns, dous sistemas culturais engaiolantes e, o que resulta aínda máis gratificante, para coñecer un sistema teatral vivo e cativador, que acompaña e conforma a cultura galega na súa mesma cerna.